



A Corporación apoia por unanimidade a candidatura de Ángel Carracedo a Premio Princesa de Asturias

Páx. 7



O proxecto L@bs40pps desperta o interese polas novas tecnoloxías entre os mozos de once a vinte anos

Páx. 9

Nº1 _ MAIO 2022

veciñanza

NOVAS DE SANTA COMBA



Santa Comba é un exemplo na reciclaxe de residuos orgánicos ó pouco de instalarse os contedores marróns

Páx. 5



**Santa
Comba**
CONCELLO

O Concello de Santa Comba homenaxea no mes de maio a Pepe de Xan Baña no 150 aniversario do seu nacemento

O Concello de Santa Comba non quere pasar por alto o 150 aniversario do nacemento de José Baña Pose, máis coñecido polo seu alcume de Pepe de Xan Baña, quen viu a luz por primeira vez o 4 de xaneiro de 1872 na capital xalleira. Un equipo coa alcaldesa, María Pose, á fronte, secundada pola concelleira de Cultura, Cristina Fajín, e o edil de Educación, Manuel Iglesias, preparou unha serie de actividades que poñen en valor ó autor que foi dependente de adega, seminarista, propietario dun restaurante, poeta, xornalista, comerciante, mestre... pero sobre todo un dos escritores que cultivou o galego na emigración durante a súa estadía en Cuba.

O mes de maio, mes das letras galegas por excelencia, dedícase na capital xalleira ó autor nacido en Varilongo. Para achegar alomenos un pequeno anaco da súa obra ós veciños, o Concello de Santa Comba repartiu de balde entre os establecementos de hostalaría de todo o municipio sobres de azucre nos que figuran distintos versos do poeta. O obxectivo é dar a coñecer como este escritor homenaxeaba coas súas rimas á súa terra, ós seus paisanos ou á toponimia.

Pero a homenaxe a este emigrante que emprendeu camiño cara a Cuba cando tiña 17 anos, embarcando o 19 de decembro de 1889, non queda ahí. Un acto central o 2 de xunio no colexio que leva o seu nome servirá para entregar os premios dun concurso de debuxo nas escolas, destinado a alumnos de Infantil e Primaria, coa figura do poeta como eixo central.



Para afondar máis na figura de Pepe de Xan Baña o 20 de maio fíxose un roiteiro no que figurarán os lugares máis emblemáticos da súa vida, máis os que menciona na súa obra.

A importancia de Pepe de Xan Baña vai moito máis alá da súa obra. A súa ampla formación chegoulle da man do Seminario no que ingresou tres anos despois de pisar Cuba, aínda que non finalizou a carreira eclesiástica. A súa faceta profesional derivou ó xornalismo. Foi a man dereita de Curros Enríquez, unha das figuras do Rexurdimento, traballando con el no diario *La Tierra Gallega* que fundou o autor de Celanova na Habana e son moitos os que consideran que a obra de Curros non sería a mesma de non ser pola influencia de Baña Pose, quen tivo unha importante presenza

.....
A imaxe do poeta de Varilongo estivo presente en todos os bares do Concello e os rapaces participan nun concurso de debuxo baseado no autor xalleiro

na prensa cubana, tanto en xornais locais como nos periódicos da colectividade galega. Foi redactor do semanario *Follas Novas* e colaborador no *Diario de la Marina*, *Diario Español* e *Santos e Meigas*. Na prensa adoitaba botar man do pseudónimo de *Pepe de Xan Baña*, alcume que tamén empregaría nos seus traballos literarios.

A maiores, a súa actividade foi importante tanto no Centro Gallego de La Habana como na entidade Hijos de Santa Comba de Negreira, da que foi fundador e ocupou o cargo de secretario na primeira directiva.

En lingua galega publicou *Cartas ós de Santa Comba de Negreira* (1911), *Vida e milagros de Pepe de Xan Baña en 30 anos en Cuba*. *Vindicación* (1921) e *Suspiros n'a terra, despois de trinta e dous anos d'a Habana* (1922). Foi no ano 1921 cando cruzou de novo o charco para visitar a súa Santa Comba natal. Aproveitou a súa estadía para impartir dúas conferencias: unha no colexio Cuba da Baña e outra na feira de Santa Comba, que serían publicadas nun folleto á súa volta á illa caribeña completándose a súa obra con artigos en distintos xornais e revistas. E non deixou pasar o seu labor altruista aportando vinte mil pesetas da época para investir no cemiterio da súa parroquia.

Pepe de Xan Baña, todo un exemplo e un avanzado na escrita en galego desde a emigración, morrería na Habana o 16 de outubro de 1945, cando contaba con 73 anos, sendo soterrado no panteón do Centro Gallego da Habana.

Esta figura literaria ben merece ser recordada e ser motivo de orgullo para os veciños de Santa Comba, e en extensión polos de Bergantiños e Soneira moi presentes na súa obra e donde gozaba de moita sona, polo que o Concello espera darlle continuidade en anos vindeiros a esta merecida homenaxe.



Santa Comba hai que vivila, hai que sentila... hai que coñecela

Santa Comba hai que vivila, hai que sentila, hai que querela.... Pero antes hai que coñecela. Os xalleiros temos moitos motivos para presumir da nosa terra, pero non podemos quedar a durmir. Os tempos avanza e non debemos perder ese tren de modernidade e avance para que as nosas empresas sexan competitivas, para que os nosos rapaces teñan ó alcance da súa man a mellor educación e para que os nosos veciños gocen dunha boa calidade de vida. E para conseguilo temos que ser unha piña, colaborar todos e facer deste noso Concello un lugar que teña atractivo dabondo como para converterse nun receptor de persoas e non nunha fábrica de emigrantes.

Temos todos os ingredientes para conseguir que Santa Comba sexa todo un referente. E en terra de grandes cociñeiros non debera ser complicado atopar a receta axeitada que garante o futuro dos nosos mozos sen que perdan o arraigo familiar e sen necesidade de fuxir lonxe.

Xa se sabe que as cousas, moitas das veces, non son como se queren ou se desexan. Entre a burocracia e unha capacidade organizativa limitada van aparecendo atrancos, pero con perseverancia e motivación achegarémonos ós obxectivos marcados.

O nacemento desta publicación á que nomeamos 'Veciñanza' non é outro que a intención de achegar a todos os fogares unha parte do traballo que se vai realizando no Concello co desexo de que alomenos algunhas das noticias reflexadas no papel poidan ser motivo de orgullo desde logo para os seus protagonistas pero tamén para quenes sexan amigos, familiares ou simplemente coñecidos. Temos que presumir da nosa terra e dos nosos.

En tempos de modernidade, nos que os avances van ás veces máis rápido do



María Josefa Pose Rodríguez
Alcaldesa de Santa Comba

que acertamos a asumir, temos que facilitar información a todos. Ós que manexan as redes sociais e máis os que non saben o que é iso de Internet. E, queiramos o non, o papel segue a ser un método que se adapta a todo o mundo.

En pouco tempo recibimos a visita de conselleiros e altos cargos da Xunta para presentar proxectos xa materializados ou para dar a coñecer iniciativas que nun futuro moi próximo favorecerán a vida dos xalleiros.

E nese pouco tempo presentamos unha imaxe máis moderna de Santa Comba, máis actual, máis acorde co século no que vivimos. E a maiores, impulsamos a reciclaxe ata o punto de que nos poñen de exemplo para que outros concellos sintan envexa dos nosos resultados; recibimos ás empresas máis punteiras de toda a Costa da Morte que marcharon sorprendidas polas capa-

idades do noso municipio; organizamos a subasta de frisoas que como en anos anteriores foi moi ben acollida e xa é unha cita imprescindible no calendario dos profesionais do sector; celebramos probas deportivas con grande éxito como a carreira ciclista O Gran Camiño transmitida pola televisión para unha chea de países a través da canle Eurosport ou a proba atlética Clásica Gandeira, que temos que afianzar, e unhas xornadas de pesca con artesáns de primeirísimo nivel que foron as primeiras dese tipo en Galicia despois da pandemia. E xa con carácter máis institucional apoiamos nunha moción, secundada pola totalidade dos concelleiros, de todas as cores políticas, para apoiar a candidatura do noso paisano Ángel Carracedo ó Premio Princesa de Asturias. E fixemos festas como a Cabalgata de Reis ou o Antroido, e organizamos actividades culturais, e acometemos obras, e impartimos cursos, e comezamos obradoiros de emprego, e impulsamos Radio Xallas con un carácter máis local, e firmamos convenios de colaboración con outros Concellos, e participamos en intercambios internacionais... Porque en Santa Comba fanse moitas cousas.

E seguimos a traballar. Co despacho aberto para recibir a todos os veciños que precisen algo do Concello, coa mente limpa para escoitar todas as aportacións que axuden a mellorar Santa Comba, e co espírito libre que nos faga máis fortes e nos ensine a aprender das críticas coa única necesidade de sentir apego por Santa Comba. Esa é a razón de ser miña, do meu equipo de goberno e debería ser a de todos os veciños. Pelexamos para conseguir o mellor para a nosa terra e esperamos facelo con acerto e eficacia. E desde 'Veciñanza' iremos levando ós fogares parte do noso traballo que o único que busca é mellorar a calidade de vida de todos os veciños.

“Levamos anos escoitando promesas que non se materializan”

Gandeiro de 29 anos e nacido en Ser. É a carta de presentación deste mozo que quere mellorar o seu pobo.

Como ve Santa Comba?

Gustaríame vela con bos ollos, pero está en claro retroceso. É unha gran pena. Os números é o que dín. Hai trinta anos tiñamos cerca de 14.000 habitantes e agora pelexamos para non baixar de 9.000. E o que é medible non é opinable.

Que cre que precisa Santa Comba?

Levamos moitos anos escoitando promesas que ó final non se dan materializado. Non precisamos de grandes obras. O que queremos é un traballo de día a día. Agora é importante a carretera a Santiago e contar con unha



extensión maior de solo industrial. Despois hai outras cousas. A xente ten que saber a donde dirixirse cando teña un problema. Eso ten que estar moi claro. E penso que as grandes cousas que se fan en Santa Comba deberían consensarse coa oposición como o POS ou os Orzamentos. E sobre todo gustaríame que nos ple-nos estivese máis presente a boa educación. As faltas de respecto e os insultos que se utilizan dan unha imaxe de Santa Comba pouco desexable. O debate é interesante e necesario pero temos que ter todos as mesmas regras de xogo. Espero que dentro dun ano a xente confíe en cambiar as caras para volver a pelexar polos 14.000 habitantes e non para baixar dos 9.000

“Vexo Santa Comba igual que hai vinte anos”

Despois de dous anos na alcaldía, actúa agora desde a oposición coa visión de quen sabe o que é gobernar.

Cómo ve Santa Comba?

Pois moi ó meu pesar, vexo Santa Comba igual que hai vinte anos, con falla de moitos servizos e proxectos que nos farían medrar como pobo e como cabeceira de comarca. Levo cravada unha espiña no corazón porque estiven 24 meses gobernando e non puiden levar a cabo ideas e proxectos que tiña para Santa Comba, ideas nas que eu cría e coas que este pobo medraría. Pero para iso necesítase unha coalición positiva e no meu caso non resultou ser así.

Que cree que precisa Santa Comba?

Pois moitísimas cousas. As melloras nas vías de comunicación son fundamentais pa-



ra ser un Concello apetecible e atractivo para as empresas e conseguir asentarse máis poboación coa conseguinte creación de emprego. Precísase solo industrial para que non marchen as empresas que xa temos. É importantísimo un centro de día e/ou unha residencia pública para que os nosos maiores non teñan que desplazarse a outros municipios. Este era un dos meus proxectos. Outro dos reclamos importantes é solicitar unha formación profesional máis ampla para conseguir fixar poboación no noso Concello e ter ciclos innovadores entre a nosa xuventude. Mellorar a ETAP con sistemas modernos e asegurarnos de non ter problemas de abastecemento de auga no verano... é fundamental!!.

“Como todo o rural, estamos en retroceso”

Foi alcalde por dúas veces e coñece ben a realidade do seu municipio.

Cómo ve Santa Comba?

Somos un municipio rural e como todo o rural estamos en retroceso. A gandería e a agricultura é unha parte importante da economía das nosas familias e, tendo en conta que un 70% do orzamento está comprometido polos gastos ordinarios, pou-

co queda para investir en camiños, carreteras e outro tipo de infraestruturas que o que fan é prestar apoio a todos eses sectores. E o casco urbano está francamente mal e non está ben coidado, con moitos edificios en ruínas ou con un aspecto de abandono.

Que cre que precisa Santa Comba?

Debemos ser conscientes de

que a agricultura tivo unha reconversión brutal que en Santa Comba, como no resto do rural, afectou á poboación. Por iso temos que apostar pola industria e crear un sector servizos dinámico donde a hostalaría ocupe un lugar importante. E ademais hai que contar con un solo industrial que sexa un foco de atracción para as empresas que necesiten moito es-



pacio e creen moito emprego e para outras centradas en sectores relacionados con sector agroforestal.



Poñen a Santa Comba de exemplo pola implantación do contedor marrón e o seu uso

- Xa se repartiron dous mil quilos de compost certificado pola planta de Sogama en Cerceda
- Na primeira recollida da capital xalleira certificouse que o 95% dos refugallos eran residuos orgánicos, o que se considera unha taxa altísima

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, invitou aos concellos galegos a seguir o exemplo de Santa Comba, que implantou o contedor de biorresiduos dous anos antes do prazo marcado por Europa.

Ángeles Vázquez estivoa inaugurando este servizo na capital xalleira en compañía do delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, o presidente de Sogama, Javier Domínguez, e a alcaldesa de Santa Comba, María Pose, donde as autoridades visitaron o expositor de Sogama sobre o contedor marrón para materia orgánica no marco da Semana europea da prevención de residuos, e participou no reparto de parte dos primeiros 2.000 quilos de compost “certificado” producidos na planta de Cerceda.

Indicou que o esforzo deste concello, que tamén iniciaron Carballo, Cerceda, Arteixo e A Laracha, e ao que en breve tamén se sumará Oroso, é a mostra de que Galicia iniciou unha senda na que só dará pasos cara adiante para implantar progresivamente o quinto contedor, para cumprir antes do 31 de decembro de 2023 con este obxectivo.

A conselleira recordou que a Xunta non deixará sos aos concellos nesta tarefa, polo que elaborou a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023, na que se recolle a rede de infraestruturas para poñer en valor estes residuos, formada por 13 plantas de transferencia –de nova creación ou adaptadas-, as



plantas de biorresiduos de Cervo, Verín e Vilanova de Arousa e a de Cerceda, xa en funcionamento.

A primeira recollida da materia orgánica depositada pola veciñanza de Santa Comba nos contedores marróns foi todo un éxito, tanto pola cantidade, que ascendeu a 280 quilos, como polo propio servizo. Así o acreditan os resultados da caracterización realizada por unha empresa externa na planta de compostaxe industrial de Sogama en Cerceda.

A través desta mostraxe certificouse que o 95,26% dos residuos depositados no quinto contedor correspondían ao mesmo (fracción orgánica e asimilable), detectando tan só un 4,74% de impropios. O motivo foi a aparición dalgún téxtil e envase plástico e de tipo brik, que deberían ter sido introducidos nos contedores de roupa e amarelo.

O bo comezo da recollida diferenciada de materia orgánica en Santa Comba pode servir de incentivo para que outros entes locais se animen a seguir o seu exemplo. Así se deixou constancia durante a Semana Europea da Prevención de Residuos 2021, no marco da cal Sogama, coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, habilitou un punto informativo atendido por técnicos especializados e a través do cal estes deron conta das boas prácticas a instaurar nos fogares para promover a redución da produción de lixo, a reutilización dos produtos, así como a correcta separación de refugallos en orixe para posibilitar a súa posterior reciclaxe.

O Concello de Santa Comba dispón de contedores marróns de pequeno tamaño para uso doméstico que están a disposición dos veciños para poder instalalos nos propios fogares. Non teñen máis que dirixirse ó edificio multiusos para poder recoller un dos recipientes ideado para a reciclaxe correcta dos desperdicios da comida.



Núñez Feijóo aborda coa alcaldesa de Santa Comba a construción dunha residencia de maiores e centro de día

- O PRESIDENTE DA XUNTA RECIBIU A MARÍA POSE NO SEU DESPACHO DE SAN CAETANO
- ANALIZARON ACTUACIÓNS EN VARIAS VIAS DE COMUNICACIÓN E DOTACIÓNS PARA O CENTRO DE SAÚDE

Alberto Núñez Feijóo, cando aínda ocupaba o cargo de presidente da Xunta, abordou coa alcaldesa de Santa Comba, María Pose, asuntos de interese para o Concello como a mellora das vías de comunicación e a construción dunha residencia. Durante a xuntanza que mantiveron no despacho do xefe do Executivo galego en San Caetano, Feijóo trasladoulle á rexedora que están en marcha os trámites para a execución da senda peonil na marxe dereita da AC-404, na contorna de A Ponte e Santa Catalina, logo de que o Diario Oficial de Galicia publicara a aprobación do expediente de información pública e o proxecto de construción.

A maiores, o titular do Goberno galego tamén avanzou que a Axencia Galega de Infraestruturas está a tramitar a licitación da redacción do proxecto para acondicionar o treito do Alto do Pao-fito na AC-406.

No eido dos servizos sociais, Feijóo e María Pose analizaron o proxecto para acondicionar a vivenda comunitaria e convertila nunha edificación adaptada como residencia de maiores e a posibilidade de incluír un centro de día nesa mesma instalación. O proxecto podería obter ata millón e medio de euros de financiamento do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia.

En materia sanitaria, logo de salientar que o ano pasado o centro de saúde da localidade recibiu un ecógrafo, desfibrilador, electrocardiógrafo e espirómetro dentro dos investimentos do Plan de Atención Primaria, Feijóo avanzou que se estudará a opción de dotar o centro dun aparato de raios X.

Para concluír, o presidente da Xunta e a rexedora municipal analizaron a evolución do proxecto para reparar a climatización da piscina, que conta xa con financiamento da Secretaría Xeral para o Deporte.



O Concello apoia a candidatura de Ángel Carracedo a Premio Princesa de Asturias

- Aprobou no pleno por unanimidade o respaldo á solicitude cursada pola Xunta
- Definen ó investigador nacido en Santa Comba como “a figura máis representativa da Medicina forense a nivel mundial”

AXunta de Galicia vén de propór aos doutores Ángel Carracedo e Sir Alec Jeffreys, como candidatos aos Premios Princesa de Asturias 2022, na categoría de Investigación Científica e técnica.

A Administración galega remarca os importantes descubrimentos acadados por ambos científicos no ámbito da xenética e a Medicina forense, uns avances que contribuíron á estandarización e implantación das probas de ADN forense a nivel mundial e que, a día de hoxe, seguen a axudar á xustiza a resolver un gran número de investigacións.

A propia Xunta de Galicia define ó doutor Carracedo como “a figura máis representativa da Medicina forense a nivel mundial, excedendo o ámbito da Xenética forense pola súa contribución á patoloxía forense coa introdución da autopsia molecular”.

O Concello de Santa Comba aprobou no pleno municipal, por unanimidade,

o apoio a esta solicitude para o Premio Princesa de Asturias do que é o Fillo Predilecto do Concello con loubanzas por parte de todos os grupos políticos representados na Corporación.

Ángel Carracedo naceu o 12 de novembro de 1955 na capital xalleira e sempre foi un orgullo para todos os seus veciños e unha importante figura de referencia.

O actual presidente da Academia Internacional de Medicina legal estendeu durante os últimos quince anos o seu labor no campo da xenética clínica e medicina xenómica, con contribucións relevantes no coñecemento da causa xenética das enfermidades,

.....
A Xunta propón ó doctor xalleiro para o prestigioso galardón na categoría de Investigación científica e técnica

promovendo a creación da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, que dirixe desde entón e que pode presumir de ser o centro de maior volume de España no diagnóstico de enfermidades xenéticas.

Ademais, o profesor Carracedo tamén creou e dirixe o Centro Nacional de Genotipado, a infraestrutura IM-PaCT Xenómica para o desenvolvemento da Medicina personalizada en España e a infraestrutura Innopharma e Fundación Kaertor para o desenvolvemento de fármacos en fase preclínica.

Os seus grupos de traballo e investigación son lugares de excelencia onde se forman científicos de todo o mundo e protagonizando moitos dos avances máis importantes no campo da xenética forense.

O seu labor acadou recoñecementos de prestixio como o Premio Galicia de Investigación; Premio Novoa Santos, concedido polos médicos galegos; Medalla Galien, o galardón máis importante en investigación farmacolóxica; Premio Rey Jaime I, concedido por vinte premios Nobel; Medalla de Galicia, Cruz ó Mérito Policial e Doctor Honoris Causa por varias universidades.

A maiores publicou máis de 350 artigos sobre medicina xenómica, xenética clínica e xenética forense e de publicacións en publicacións da máxima relevancia como ‘Science’ ou ‘Nature’.

O Concello de Santa Comba entende que a concesión do Premio Princesa de Asturias 2022 ó catedrático e investigador Ángel Carracedo está totalmente xustificada xa que este xalleiro universal acumula méritos dabondo pola súa sobrada valía demostrada e recoñecida alén das nosas fronteiras.





Eloína Núñez presentou na Casa do Pozo o Plan de Saúde Local de Santa Comba

Axerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez, e a xefa do servizo de Atención Primaria de Santa Comba, María Dolores López Fernández, expuxeron o Plan de Saúde Local de Santa Comba na Casa do Pozo coa presenza da alcaldesa, María Pose.

A Consellería de Sanidade presentou recentemente 14 destes plans en atención primaria, entre os que están tres da área sanitaria compostelá (Santa Comba, A Estrada e Teo) sendo a área que máis centros incorpora este primeiro ano e que arestora xa están en marcha.

Cada un deles desenvolveu o seu propio programa creado polos profesionais na procura da eficiencia en base á mellora da satisfacción dos usuarios e profesionais, ante os retos asistenciais derivados da situación demográfica e epidemiolóxica actual, facendo fincapé na promoción da saúde, na prevención e na participación comunitaria.

O Plan de Accións do Servizo de Atención Primaria de Santa Comba inclúe, como obxectivo xeral, propiciar melloras na saúde da poboación para o que prepararon un proxecto aberto e participativo que permite facer fronte ao problemas sanitarios e sociais da comunidade

Establece liñas encamiñadas a mellorar a satisfacción dos profesionais con liderado, e a comunicación, formación, docencia e investigación; afondata na atención integral do paciente (desenvolvendo programas de xestión da demanda, de atención ao paciente, e optimizando a coordinación de Atención primaria e hospitalaria e a xestión interna). Tamén recolle un mapa de recursos de interese para a saúde en cada un dos eidos locais, liñas de traballo na busca do incremento da satisfacción dos usuarios (traballando a comunicación e a percepción) e das súas necesidades, e potenciar a función comunitaria sobre saúde poboacional.

Destaca o desenvolvemento de programas específicos de promoción da saúde con hábitos de vida saudables, incentivando a práctica deportiva guiando aos cidadáns na liña do exercicio físico con obxectivo da prevención da obesidade.

Entre as liñas de actuación concretas a xefa do servizo, a doutora López, salienta o deseño e planificación de accións destinadas ás intervencións comunitarias a realizar este ano para reducir as patoloxías crónicas máis prevalentes. Tamén o traballo xa na xestión e análise de queixas (motivos, causas e tendencias) e a identificación de accións de mellora a emprender.

A adecuación da axenda de cada profesional sanitario de acordo cos criterios de calidade establecidos e coas necesidades xerais do propio Servizo de Atención Primaria, así como a difusión dos resultados da análise de saúde poboacional entre os grupos de interese externos relevantes (pacientes, concello, asociacións, centros educativos, centros residenciais) para incrementar o sentimento de propiedade e responsabilidade da cidadanía e avanzar no seu empoderamento, son outras das accións a levar a cabo.

Está en marcha o proxecto de recabar información dos pacientes/usuarios sobre os recursos que máis lle interesan ou lles axudan a sentirse ben e mellorar o seu estado de saúde e potenciar as relacións con aqueles recursos que teñen maior aceptación/demanda.

Tamén se está planificando as accións comunitarias que permitan mellorar a saúde da poboación considerando os datos de saúde poboacional do territorio segundo a clasificación dos pacientes (mobilidade, complexidade, situación social e/ou motivo de consulta), necesidades e expectativas dos pacientes, capacidade dos procesos e a percepción dos profesionais e os obxectivos xerais e específicos do presente plan local de saúde xalleiro.

Santa Comba desperta entre os seus adolescentes o interese polas tecnoloxías

Santa Comba será a única localidade galega e unha das tres españolas, xunto con Ribera de Arriba (Asturias) e a cidade de Alacante, nas que se desenvolva o proxecto L@bs40pps, impulsado pola ONG Ayuda en Acción co apoio de Globalvia e que pretende despertar o interese pola tecnoloxía, reducir as brechas dixitais e de xénero e, ó mesmo tempo, favorecer a súa permanencia no sistema educativo da adolescencia rural.

No marco deste proxecto, permanecerán activos este curso escolar os laboratorios rurais de oportunidades XallaS L@b (en Santa Comba) e RiberA L@b (en Ribera de Arriba, Asturias) e o urbano Alacant L@b (en Alacante). Estes espazos formativos desenvólvense en horario escolar e extraescolar a alumnado de entre 11 e 20 anos. Durante as súas sesións, os participantes experimentarán con diferentes tecnoloxías como a impresión 3D, robótica, programación ou deseño web e gráfico, entre outras. A partir das aprendizaxes adquiridas, deseñarán proxectos sociais con base tecnolóxica, co fin de ofrecer solucións ás necesidades que identifiquen no seu entorno.

Dentro deste acordo de colaboración, a ONG tamén proporcionará bolsas de alimentación e almorzos saudables para garantir a alimentación adecuada de alumnado en situación de vulnerabilidade da capital do Xallas, Alacante e Ribera de Arriba.

Calcúlase que en 2019 en Europa houbo 900.000 postos de traballo no sector tecnolóxico que non se puideron cubrir por falta de persoal cualificado -100.000 en España-. Nembargantes, o acceso a este tipo de formación, non está ó alcance de todo o alumnado, especialmente o que vive en áreas rurais que conta con unha menor oferta formativa en materias STEM -acrónimo dos termos en inglés Science, Technology, Engineering and Mathematics (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas)-.

“Calcúlase que eos próximos anos en España vanse crear máis dun millón de empregos dixitais. Por iso, a adquisición de competencias tecnolóxicas é, a día de hoxe, imprescindible para a nosa xuventude non só a nivel laboral, senón tamén persoal. Brindar este tipo de oportunidades formativas en territorios rurais, donde non adoita a haber tanta oferta como nas cidades, é fundamental para garantir a equidade educativa ós nosos mozos, romper a brecha dixital e que descubran as grandes posibilidades de desenvolvemento que as STEM ofrecen ó ámbito rural”, destaca Beatriz

- El Concello xalleiro aposta polo proxecto L@bs40pps, para alumnos de 11 a 20 anos
- Esta iniciativa estará activa durante este curso escolar grazas á alianza da ONG Ayuda en Acción coa empresa Globalvia



Varela, delegada de Ayuda en Acción en Galicia.

Para a posta en marcha do proxecto, Ayuda en Acción contou co apoio da empresa Globalvia. “Para nós a diversidade, a integración e a educación de calidade son pilares estratéxicos do noso compromiso cos colectivos máis vulnerables da sociedade. A través deste proxecto transversal materializamos este compromiso grazas a mellorar a vida e a educación de nenos e adolescentes que tanto o precisan dando un paso máis no noso camiño para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, educación de calidade, igualdade de xénero e redución das desigualdades”, indica Belén Castro Giménez, directora de Recursos Humanos, Comunicación y RSC de Globalvia.

Santa Comba foi a capital empresarial de Costa da Morte por un día

O BNI (Business Network International) ACO Dolmen, que preside José Manuel Mato, de Coutosegur de Ponteceso, reuniu a 140 persoas en Santa Comba. O grupo de empresarios da Costa da Morte e o seu entorno xa forman o BNI máis numeroso de Europa co mesmo número de membros, un total de 121, que o que se denomina La Brújula en Gran Canaria.

O modelo do BNI chegou de Estados Unidos e funciona desde 1985 coa finalidade de facer contactos de negocios. Basease nas intercaccións entre os socios e na confianza que xeneran entre eles nas habituais reunións que celebran para recomendarse a terceiros ou para compartir información que poida ser relevante para a súa actividade.

A filosofía do BNI é 'Givers Gain' (os que dan recibirán). Ofrece ós seus membros a oportunidade de compartir ideas, contactos, redes e ata referencias de negocios. Ser socio de esta organización supón que o resto de compañeiros actúan como un equipo de comerciais.

Na sesión celebrada en Santa Comba os asistentes, despois dunha intensa xornada de traballo, visionaron un video sobre a capital do Xallas coa explicación da alcaldesa, María Pose, sobre as imaxes que se iban visionando.

Na súa intervención, María Pose sinalou que "Santa Comba coñécese historicamente polo seu vínculo co campo, principalmente co sector gandeiro e con unha especial incidencia na produción leiteira. É o terceiro municipio de Galicia en número de cabezas de gando", aínda que "é moito máis. Ás actividades do agro, súmase a mineiría, unha industria que noutro tempo marcou a vida de moitos veciños e tamén o devenir histórico do municipio".

Sinalou a alcaldesa diante dos empresarios invitados que "o noso polígono

industrial alberga empresas que teñen a Santa Comba como centro de operacións por ser o entorno perfecto para o desenvolvemento empresarial grazas á disponibilidad de espazo e a unha administración cercana con un servizo eficaz. Estas condicións óptimas, sumadas á súa ubicación, axudan a que as industrias poidan medrar, desenvolverse e expandirse coa conseguinte creación de emprego que faga esquecer aqueles tempos en que os nosos veciños emigraban a Brasil ou Centroeuropa. A só 38 quilómetros da capital de Galicia, en cen quilómetros á redonda as empresas xalleiras teñen o seu alcance tres aeroportos e varios portos pesqueiros ou de mercadorías destacando os da Coruña, Vigo ou Ribeira. Por todo iso, Santa Comba convértese na mellor elección para o desenvolvemento dun proxecto empresarial".

Rematou María Pose o relato do video declarando que "o polígono industrial, o comercio local, a gandeiría e agricultura, a mineiría e a cercanía

ás grandes cidades fomentan as sinerxias e a cooperación entre elas, todo iso complementado con un núcleo urbano, cercano e tranquilo, alonxado do ruído, pero con todos os servizos dunha cidade. A maiores aínda podemos presumir da importancia da produción madeireira apoiada nas abondosas superficies forestais, dun forte sector hostaleiro que desborda calidade e profesionalidade tanto pola mañá cedo e a media tarde como no xantar, na cea ou nas animadas noites e dun rural marcado pola natureza, do paso do Camiño de Santiago e a Vía Céltica e do discurrir de varios ríos con especial orgullo polo Xallas. Porque Santa Comba é auga, terra e vida".

Unha vez finalizada a sesión de traballo os asistentes visitaron dúas empresas locais, Maquisaba e Forjados Santa Comba, como exemplo da fortaleza empresarial dunha Santa Comba que non quere perder o tren do progreso.



O EXEMPLAR MELLOR PAGADO ERA DA GANDEIRÍA CUNORDAM, CUALIFICADA HAI POUCO ENTRE AS 100 MELLORES DE ESPAÑA, E ALCANZOU OS 3.500 EUROS

A POXA DAS FRISOAS SUBASTOU 16 PRIMEIRIZAS E SEIS NOVILLAS

Santa Comba é gandeira. E así deixouse ver no recinto feiral, escaerio no que se desenvolveu a XX Poxa de Xovencas Raza Frisoa baixo a organización de Africor e o Concello. Esta actividade, xa moi arraigada no pobo, chegou despois de dous anos sen celebrarse por causa da pandemia o que despertou entre os asistentes un sentimento de alivio pola súa recuperación e de alegría por ver como volvía ter o éxito de edicións anteriores.

Este escaparate da vaca tiña que ser na capital xalleira, que é o terceiro municipio galego en número de cabezas de vacún. De feito, esta actividade está dirixida sobre todo a profesionais que desde as vésperas da subasta poideron ver no recinto feiral os 22 animais pre-seleccionados, que foron dezaseis primeirizas e seis novillas preñadas. Os gandeiros que mercaron algún dos lotes recibiron de balde tres dosis de semen do toro chamado 'Airas' e outras tantas de 'Caramelo', por xentilezxa de Xenética Fontao.

A xornada que se celebra en Santa Comba contará coa presenza de once gandeirías, das que tres son da capital xalleira: Ganadería Serpe (Outeiro-San Cristovo), O Rubio (Carballal-Vilamaior) e Tendeiro (Carballal-Vilamaior), que se sumarán a tres explotacións do veciño Mazaricos: Grille (San Cosme de Antes), Nuveira (Arcos) e Ranco (Colúns) e as granxas Marañón (San Félix de Capelo-Negreira), Vieites (Xavestre-Trazo), Finca La Asunción (Quión-Touro), casiano (Mirás-Outes) e Cunordam (Vilar-Zas), cualificada recentemente pola Confederación de Asociaciones de Raza Frisona entre as cen mellores ex-



plotacións de España no que se refire á calidade do gando.

O mellor exemplar, de nome Cundins Energy Artist, da gandeiría Cunordam de Zas calificada recentemente pola Confederación de Asociaciones de Raza Frisona entre as cen mellores explotacións de España en calidade de ganado, comprouno a gandeiría compostelana Miguez que pagou por el 3.500 euros desde unha saída de 2.250 euros.

Paralelamente ó certame celebrouse unha pequena mostra-exposición de produtos e servizos do sector agrícola-gandeiro coa participación das firmas locais Ingeniería Agrícola

Rodríguez, Botica do Xallas, Cooperativa Xallas, Xesga, Clínica Veterinaria Guvet, maquinaria agrícola O Rubio, maquinaria agrícola Fariña e Elmega.

A mostra tiña por obxecto, ademais de dar a coñecer diferentes produtos e servizos, a promoción do comercio local, neste caso especializado nun sector determinado, co cal a participación na mostra non só foi gratuita para as firmas participantes, senón que o concello ademais de asumir os custos dos stands, destinou 800 euros a catro sorteos de 200 euros para que os asistentes o certamen beneficiados poideran gastar en calquera das firmas comerciais presentes.



Santa Comba moderniza a súa imaxe

Nun acto celebrado na Casa do Pozo a alcaldesa, María Pose, acompañada polos concelleiros Manuel Iglesias e Silvia Cancela, presentou un novo deseño corporativo. O simple nome de Santa Comba resume unha personalidade propia e un feixe grande de cousas, desde un xeito de ser das súas xentes ata a natureza ligada ás súas fragas e á riqueza do Xallas, a cultura, a tradición ou o deporte. Así foi sempre, así é agora e así será no futuro. Pero nesa loita con un reloxo que semella correr a gran velocidade Santa Comba precisa dun cambio de imaxe que aporte frescura e modernidade ó tempo que poida demostrar que o Concello non quedou atrás.

Baseado no escudo heráldico de Santa Comba, que seguirá a ser o mesmo, fíxose un redeseño que non é máis que a creación dunha versión simplificada e actualizada que mellora a súa reprodución, lectura e identificación tanto para soportes impresos como en pantallas.

A cor púrpura cobra protagonismo. No escudo simboliza a presenza e importancia ó longo dos séculos da minería, sobre todo da explotación de estaño, e representa como desde tempos prehistóricos ata a actualidade foi e é unha das principais fontes de riqueza

para moitas familias. Ó tempo desvela un rasgo dos xalleiros como é a súa natural tendencia á comunicación e o seu espírito comercial.

O castelo con tres torres de ouro e as portas e as ventás abertas, que na nova imaxe está presente coas súas torres, recorda a antiga fortaleza de Xallas, símbolo da condición de señorío arcebispaal e demostración do carácter solidario e independente en relación ós seus veciños máis próximos e ós de máis lonxe e cualidade que define o seu movemento migratorio

Segue presente a cuncha de vieira, que no escudo oficial identifica o carácter arcebispaal do castelo motivo que xustificou a doazón que os reis fixeron destas terras á igrexa compostelá como coidadora dos restos do Apóstolo Santiago e como vila de paso de peregrinaxe.

E non podía faltar a representación do río Xallas, que nace no Concello de Santa Comba e que dá nome á comarca fortalecendo o concepto de unión. Por medio dunha dobre onda segue presente na nova imaxe.

O novo logotipo mantén a súa heranza heráldica pero deixa atrás as representacións detalladas e gráfica-

mente complexas para dar paso a un deseño que debe funcionar como se-lo identificativo en webs, apps, merchandising, etc.. á vez que compete visualmente con outros emblemas e escudos entre os que debe destacarse e identificarse.

Como parte do redeseño da identidade do concello desenvolveuse un sistema visual que fortalecerá a marca en todos os seus puntos de contacto, dotándoa de coherencia. Desta maneira conseguirase proxectar unha identidade unificada e forte. Dunha das seccións do escudo, nace o sistema visual que modula o seu protagonismo dependendo do tipo de comunicación. Desde os anuncios institucionais ou administrativos, onde o volume da marca redúcese á súa mínima expresión utilizando só o escudo heráldico, ata as pezas destinadas á promoción turística que transmiten a idea de marca e conectan coa audiencia.

Este cambio de imaxe pretende potenciar a marca Santa Comba e exportar unha visión máis actual do Concello e das súas xentes porque esta terra é un destino por descubrir e ten moito que ofrecer. Pero andar cara adiante non significa non querer mirar atrás e por iso Santa Comba seguirá a promocionar a auténtica cultura e tradición galega e a presumir con orgullo dos seus ancestros e de todo o camiñado ata agora.

Santa Comba é o pulmón verde da provincia da Coruña. É auga, terra e vida. A menos de media hora de Santiago, da Costa da Morte e ata do Barbanza e a menos dunha hora da Coruña é o lugar ideal para disfrutar do contacto coas fragas e os ríos grazas ó seu gran potencial medioambiental, que se proxecta na súa gastronomía e hostalería na que abundan os produtos locais con un claro acento ecolóxico.

Decía Maquiavelo (historiador, político e teórico italiano) que “pocos ven lo que somos, pero todos ven lo que aparentamos” e Santa Comba quere fuxir de falsas apariencias. É un pobo moderno e agora quere demostralo.



AXENDA TELÉFONOS

CONCELLO DE SANTA COMBA

Casa do Concello	981 88 00 75
Centro de Cultura	981 88 02 75
Multiusos	981 81 87 10
Vivenda Comunitaria (Servizos Sociais)	981 10 43 09
Complexo deportivo de Fontenla	981 10 30 34
Protección Civil	981 88 12 67
Policía Local	981 10 44 28
Guindastre	669 80 70 20
Radio Xallas	981 88 12 67

CENTROS EDUCATIVOS

Instituto Terra de Xallas	981 88 04 25
Colexio Barrie de la Maza	981 88 02 97
Colexio Inmaculada	981 88 00 85
Colexio Pepe Xan Baña	981 89 48 88
Colexio Rural Agrupado (cra)	981 88 13 27

CENTRO DE SAÚDE

Centralita	981 81 88 20
Cita previa	981 95 29 50
Urgencias	981 88 08 60

SERVICIOS FÚNEBRES

Funeraria Carracedo	981 88 00 14
Funeraria San Ramón	981 19 14 61
Funeraria Santa Lucía	981 88 92 50
Tanatorio Carracedo (Santa Comba)	981 81 86 45
Tanatorio Santa María (A Pereira)	981 88 92 50
Tanatorio San Ramón (Fontecada)	981 89 66 43

OUTROS

Camara Agraria	981 88 02 40
Centro de Servizos Sociais	981 88 02 91
Correos	981 88 11 22
Gardia Civil	981 88 00 23
Notaría	981 88 02 85
Punto limpo	690 72 86 01
Viaqua (xestión de augas)	981 88 09 70
Xulgado de Paz	981 88 03 41

FARMACIAS DE GUARDIA

MES	NOME	ENDEREZO	TELÉFONO
27 maio-2 xunio	María Paz Movilla Mirelis	Avenida de Lugo s/n	981 880 457
3-9 xunio	María Jesús Santos Candal	Lugar da Pereira s/n	981 538 210
10-16 xunio	Manuel Pose Arufe	Avenida Alfonso Molina, 71	981 880 345
17-23 xunio	Alicia e Inés Garrido del Río	Rúa Rosalía de Castro, 38	981 880 033
24-30 xunio	María Josefa Pose Rodríguez	Castriz-Traba (carretera de La Silva)	981 894 940
1-7 xulio	María de la Paz García Núñez	Avenida Alfonso Molina, 51	981 880 002
8-14 xulio	María Paz Movilla Mirelis	Avenida de Lugo s/n	981 880 457
15-21 xulio	María Jesús Santos Candal	Lugar da Pereira s/n	981 538 210

OS NOMES DA CAPITAL DO XALLAS

Pedro Barrié de la Maza



O Colexio de Educación Infantil e Primaria Pedro Barrié de la Maza débelle o seu nome o empresario coruñés que foi o creador da eléctrica Fenosa. Nacido o 17 de decembro de 1888 na Coruña, a súa familia pertencía á burguesía comercial e financeira da cidade. En 1939 pasou a a presidir o Banco Pastor, pero non sería o único sector ó que estaría vencellado. Construcción naval, produción enerxética ou industria turística, con importantes investimentos na illa da Toxa sendo o creador do Casino, son as súas actividades máis coñecidas, pero o seu espírito emprendedor levouno a moitos outros ámbitos.

Foi no ano 1943 cando creou a empresa de electricidade Fuerzas Eléctricas del Noroeste (Fenosa), que además de ser unha parte fundamental do desenvolvemento de Galicia foi tamén a impulsora do embalse que leva o seu nome.

Pedro Barrié de la Maza foi tamén presidente do as-teleiro ferrolán Astilleros y Talleres del Noroeste (Astano) durante 23 anos, e ademáis ocupaba a presidencia da Junta de Obras del Puerto de La Coruña. Foi en 1966 cando decidiu investir parte da súa fortuna persoal na creación dunha fundación destinada ó progreso de Galicia en todos os aspectos dotándoa inicialmente de 3.000 millóns de pesetas. Ese mesmo ano casou con Carmela Arias y Díaz de Rábago, en quen atopou unha fiel colaboradora e continuadora do seu labor.

Pedro Barrié morreu na Coruña o 14 de marzo de 1971,



O Gran camiño permitiu disfrutar do mellor ciclismo a Santa Comba

- O cántabro Antonio Angulo foi o primeiro en cruzar pola meta volante do centro urbano
- Alejandro Valverde, no seu último ano en activo, foi o vencedor final desta volta de catro tiradas

O ciclismo profesional non protagonizaba unha competición que rodase unicamente por estradas galegas desde hai vinte anos. Baixo a denominación de O Gran Camiño volveu a atraer as miradas do mundo ciclista ofrecendo imaxes grandiosas tanto no deportivo como no paisaxístico. Esta volta de catro tiradas presentou un percorrido suxerente que fixo as delicias de todo afeccionado e que animaron ós corredores a presentar batalla.

Nesta primeira edición Santa Comba tivo un protagonismo especial. O centro urbano foi toda unha festa á aplaudir o seu esforzo na meta volante situada na avenida Alfonso Molina, na que se impuso o cántabro Antonio Angulo, so equipo Euskaltel Euskadi, por diante de Óscar Cabedo, do Burgos-BH, e de Guillermo García Janeiro, da escadra portuguesa Radio Popular-Paredes-Boavista.

A repercusión desta primeira edición traspasou todo tipo de fronteiras grazas en parte ás cámaras da Televisión de Galicia e da canle Eurosport, que transmitiron a proba, e á participación do veterano Alejandro Valverde, o campiónísimo murciano que ós seus 41 anos xa anunciou a súa retirada a finais desta campaña polo que era a última oportunidade de velo en Galicia.

E a competición foi tan especial que precisamente Alejandro Valverde levou o triunfo final para engadir O Gran Camiño a un extenso palmarés no que figuran o Campionato do Mundo en 2018 e sete medallas máis nesta competi-



ción, gañador da Vuelta a España 2009 e doce triunfos de etapa, un podio no Tour de Francia e catro triunfos de etapa, un podio no Giro de Italia e unha etapa, ó que se suman os seus triunfos en catro edicións da Lieja-Bastoña-Lieja, tres edicións da Volta a Catalunya, cinco edicións da Flecha Valona, dúas edicións do Criterium Dauphiné, dúas edicións

da Clásica de San Sebastián e máis de 120 victorias como profesional.

A primeira tirada transcorría na provincia de Pontevedra. Era a máis propicia para os homes rápidos do pelotón, con unha chegada masiva na rúa Policarpo Sanz de Vigo, donde o ciclista danés do equipo EF-EasyPost, Magnus Cort Nielsen, impuxo a súa punta de velocidade.

A segunda tirada, en territorio co-

ruñés, partía de Bertamiránas para chegar ó Ézaro previo paso por Santa Comba. Gañou o canadense Michael Woods, de Israel-Premier Tech.

Ourense estaba chamada a facer as diferencias importantes na clasificación no terceiro día de competición. Despois da saída de Maceda tres portos seguidos polos cañóns do Sil brindaron un espectáculo de primeiro nivel no que Alejandro Valverde cruzou a meta de Luintra en primeira posición.

A última tirada foi unha crono en sarría na que o ucraíno do EF-EasyPost, Mark Padun, marcou o mellor tempo. Nun final de infarto, o triunfo final do Gran Camiño decidiuse nun mán a mán entre Woods e Valverde, que caíu en mans do murciano por apenas seis segundos. Foi in final apoteósico para unha grandísima volta.



Juan José Alvar e Tina Fernández foron os mellores na Clásica Gandeira

Santa Comba é gandeira. E no seu idilio co mundo do campo, o Concello organiza unha actividade deportiva única que é quen de crear unha simbiose poerfecta entre o atletismo e o mundo rural. Non se sabe de ningunha parecida. O 10 de abril celebrouse a segunda edición da Clásica Gandeira, que quere achegar o carácter xalleiro a todos os participantes que se atreven cos dez quilómetros dun percorrido que mistura unha superficie de asfalto nun 70% do seu trazado con un 30% de terra. Pero a súa principal singularidade está en que os atletas terán que cruzar zonas de especial interese gandeiro, incluso atravesando dúas explotacións situadas na parroquia de Alón. E para que ninguén quede fora, a proba contou con varias categorías para que os máis novos tamén tivesen a oportunidade de participar nesta festa deportiva. Os nenos non completaron os dez quilómetros. Para eles, dependendo da idade, houbo uns trazados de tres quilómetros, un quilómetro e ata de 300 metros.

A primeira muller en cruzar a meta foi Tina Fernández Barreiros, do Club Atletismo Sar, con un tempo de 38 minutos e 23 segundos. Hai que destacar que no cómputo total situouse no posto 29. As súas compañeiras de equipo Silvia García Lorenzo e Rocío Alvite Ferreiro serían segunda e terceira, respectivamente.

Na proba de tres quilómetros venceu Luis Miguel Feito Villar, do equipo Fontes do Sar, que completou a distancia en 10 minutos e 17 segundos. A continuación chegaron Berket López Díaz, do Fogar Carballo, e José Manuel Negrreira Abelenda. En categoría feminina a mellor foi Eva Formoso Recarey, seguida da súa irmá Alejandra Formoso Recarey, que non pertencen a ningún equipo, e de Julia Salvado Diéguez, da



Sociedade Deportiva Compostela.

En canto ós rapaces, na categoría sub-10 sub-12 chama moito a atención que a rapaza Lucía Ageitos Romero chegou á avenida Alfonso Molina en segundo lugar, superada só por Jayden Silva Guererro, compañeiro seu no equipo Natación Ribeira que a superou só por cinco segundos. Entre os nenos completaron o posio Brais Rey Neira e entre as nenas Clara Vázquez Castro e Noa Atán Moledo.

Esta proba vai gañando un oco im-

.....

A singular proba atlética achegou o carácter xalleiro a todos os participantes que se atreveron cos dez quilómetros de percorrido

portante entre os atletas, que a reciben con moito agarrimo, e que chegan de distintos puntos de Galicia. Ata a Televisión de Galicia informou no seu Telexornal da celebración da carreira xalleira. Em-

presas senlleiras como Clun ou Lácteos Ferrado Verde, do importante grupo TGT, colaboraron con esta actividade deportiva que repartiu máis de noventa premios nun acto presentado por Terio Carrera e presidido pola alcaldesa, María Pose, e no que estiveron presentes a concelleira de Deportes, Silvia Cancela, e outros compañeiros do grupo de goberno da Corporación como Manuel Iglesias ou Cristina Fajín.

Santa Comba amosou o seu orgullo pola gandeiría que tan presente está na vida de moitos dos seus veciños. E non é abondo con ter diante do consistorio un paso de peatóns pintado coas manchas cacterísticas dunha vaca. Vai máis alá. A poxa de xuvencas frisoas xa consolidada despois de vinte anos e a Clásica Gandeira que xa tivo moito éxito na súa primeira edición son unha mostra. Pero hai e haberá moito máis.



San Pedro de Cícere, o mellor barroco do Xallas

A igrexa de San Pedro de Cícere, considerada a obra máis senlleira do barroco na Terra do Xallas, data do primeiro terzo do século XVIII. Foi construída á expensas do bispo de Trazzona, García Pardiñas Vilardefrancos, nado no pazo de Cícere de Abaixo, quen non só doa o diñeiro para a construción da igrexa senón que tamén compra o terreo.

O corpo central, segundo fontes populares, constaba dun púlpito -a día de hoxe retirado como todos os da contorna- pero séguense conservando aínda as escaleiras. Non será o único que non se conserva, xa que se retirou de igual maneira o enreixado das capelas e algunha imaxe.

Divídese polas capelas e a ábsida, en ámbolos casos con re-

tablos policromados. A capela dereita consta dun retablo altamente derruído, con moitas das partes resgardadas na igrexa, posto que non se conservan no conxunto. A forma semella arquitectónica e divide os tres santos en nichos coroados por anxos, dos que só se conservan dous, mentres que a parte central superior está completamente baleira e tampouco se ten constancia do que había previamente. Na parte inferior, encóntranse tres figuras, San

Antonio, a Virxe da Inmaculada e San Roque. Encima do arco, o escudo de armas da Casa do arcebispo García Pardiñas Vilardefrancos. Nesta capela hai unha pía de auga bendita, sendo o surtidor da auga de forma antropomorfa e probablemente en relación a algún tipo de deidade mariña.

A capela esquerda ten unha disposi-

Mercedes e San Ramón. No centro do frontón, o escudo de Armas da Familia de frai García Pardiñas, policromado, que tamén impulsou a construción desta Capela singular, na honra á patroa da Orde. Tamén os arcos laterais da capela están coroados por sendos escudos en pedra, das armas da Familia Pardiñas Vilardefrancos.

A ábsida, de forma cadrada, consta dun retablo de gran tamaño e de características moi similares as de San Xulián de Santa Sabiña, polo que é case seguro que este realizado polo mesmo taller. Consta de catro figuras, centrada pola do neno Xesús nun baldaquino, no lado da dereita San Mateo e na esquerda San Xosé co Neno Xesús. Na parte superior San Pedro, restaurado hai pouco tempo, xa que é o santo o que se lle dedica a parroquia. Nos seus pes

enmárcanse dúas claves en relación o propio San Pedro. Na parte superior o Espírito Santo en forma de pomba nun alo celestial que desprende raios.

A fachada principal destaca pola súa forma sinxela e xeométrica, coroada por unha espadana de dobre oco. A parte central está dominada por unha fornella ca imaxe de San Pedro, patrón da igrexa de Cícere, e decorada con motivos propios do barroco galego rural.



ción case similar á do outro lado, tanto nos arcos como na bóveda de cuarto de canon, excepto porque o retablo non se enmarca nun arco senón que ocupa toda a parede. A forma recorda a un templo grego, cun frontón e entaboamento partido na metade, con catro columnas de estilo composto por xónico e corintio. Tanto na parte central como a cada lado as figuras encóntranse en nichos, de esquerda a dereita, San Pedro Nolasco, A Virxe das

